



IES Celanova CEF  
Encontros do Plan de mellora de bibliotecas escolares 2021/22  
Santiago, 25 de marzo de 2022



# CONVITE

*A intervención sería para falar do proxecto que recibiu o Premio Nacional de Boas Prácticas, da vida da vosa biblioteca, desa evolución cara a un centro LÍA. Trátase de que contedes como nese espazo histórico que tendes fostes quen de superar o traballo tradicional e abrir a biblioteca a novas linguaxes e aprendizaxes. Tamén podedes falar dos espazos que queredes conquistar...*





CONCURSO NACIONAL  
DE BUENAS PRÁCTICAS  
EN CENTROS  
DOCENTES

MODALIDAD B  
CATEGORÍA 4



A BIBLIOTECA ESCOLAR  
COMO FERRAMIENTA DE  
CREACIÓN EN TEMPOS DIFÍCILES

Pandemia, peste... as propias palabras parecían levarnos cara atrás e foi a Historia a que impuxo a súa perspectiva. A ela miramos en busca de claves: de a cabalo entre a Idade Media e o Renacemento, os alegres nobres florentinos do Decamerón xa deran cunha fórmula para fuxir da peste do seu tempo, pois, confinados coma nós, contáronse contos, afiaron o enxeño, comunicáronse, crearon. Parecen estes empeños propios de bibliotecas e bibliotecarios.

# TRES EIXES DE ACTUACIÓN ARREDOR DA COMPETENCIA ARTÍSTICA E CULTURAL

**a**

UTOPIÁS,  
DISTOPIÁS Y  
PANDEMIAS:  
a biblioteca xera un  
marco de  
coñecemento  
integrado sobre  
pandemias,  
utopías e distopías  
ao fío da  
actualidade.

**b**

A CREACIÓN  
ARTÍSTICA NO  
CURRÍCULO:  
constatamos que  
este tipo de  
traballos xeraban  
no alumnado un  
alto grao de  
implicación:  
música,  
literatura, debuxo  
e pintura...



**c**

OUTRAS  
FERRAMENTAS  
CREATIVAS DE  
APROXIMACIÓN AO  
CURRÍCULO, ideando  
formas alternativas de  
presentar os contidos.





## A CAMPAÑA

Presente, futuro ideal e futuros non desexados



# DECLARACIÓN DE INTENCIONES

<http://bibliotecapoleiro.blogspot.com/2021/01/un-mundo-feliz-nosa-declaracion-de.html>



**3 MUNDO FELIZ**  
**A BRAVE NEW WORLD?**

Este é o título dunha distopía literaria que Aldous Huxley publicou en 1932.

Antes e despois desa data verían a luz moitas outras, converténdose a distopía nun xénero artístico con reflexos na novela, no cinema, nos videoxogos, na música...

Hoxe nós tamén vivimos inmersos nunha distopía... unha moi real, por iso a nosa nova campaña de animación á lectura engadelle ao título de Huxley unha gran interrogación:

É o noso un mundo "feliz"?

Chegará a vacina contra a COVID-19, pero sempre evimón preto de nós os artífices contra a desinformación e o desalento. Os principios activos destes son o coñecemento e a creatividade que veñen en cápsulas de información, chamadas libros, películas, cancións... e que se dispensan, gratuitamente, NAS BIBLIOTECAS.



# 3 MUNDO FELIZ

O escenario de partida que desencadea o futuro distópico podería ser tamén, COMO NON

## UN ATAQUE ALIENÍXENA!!!!

791  
BUR  
mar



MARS ATTACKS!  
Tim Burton, 1996

## EXPOSICIÓNS E MATERIAIS DE CONSULTA

Coidando o corpo, a mente e a Terra.

Todas no blog, agrupadas baixo a súa etiqueta e publicadas por entregas á maneira de Dickens!

<http://bibliotecapoleiro.blogspot.com/search/label/Un%20mundo%20feliz%3F>



### 3 MUNDO FELIZ

#### PRAGAS, PESTES E PANDEMIAS

Co incremento demográfico, o medo a unha enfermidade que se estendese por amplas zonas do planeta estivo cada vez máis fundado nunha ameaza real, aínda que a confianza nos avances da ciencia relegasen ese temor a tempos remotos da Historia e lugares remotos do planeta. Pero a COVID devolveunos á nosa condición de criaturas indefensas fronte a dor e a morte.

En calquera caso, é bo lembrar que as pandemias transformaron as sociedades nas que xurdiron e influíron no curso da historia. Repasando os rexistros das máis coñecidas, sorprenden as semellanzas entre elas polo que respecta ás reaccións das sociedades que as padeceron.



**AS UTOPIÁS FILOSÓFICAS  
(COIDANDO A MENTE)**



**REALIDADES DISTÓPICAS:  
O PLANETA AMEAZADO**



## QUIZ

<http://bibliotecapoleiro.blogspot.com/2021/06/hoye-repasamos-as-distopias-da.html>

Hoye, repasamos: As distopías da realidade: pragas, pestes e pandemias.

Para ver se estivesdes atentos, aquí vos deixamos este cuestionario no que poñeredes en xogo os vosos coñecementos sobre o tema que levamos tratando todo este curso pandémico.

Para que vos axudeades, deixámosvos o enlace do noso **Especial Pandemias**, do noso **Especial Distopias** e do noso **Especial Utopias**. Uns materiais ben completiños para que acertedes toooodas as preguntas!

As distopías da realidade: pragas, pestes e pandemias.

1º cuestionario da campaña UN MUNDO FELIZ? COIDADANDO O CORPO, A MENTE E O PLANETA.

## LECTURAS DE VERÁN

<http://bibliotecapoleiro.blogspot.com/2021/06/recomendacions-para-pasar-un-veran.html>



1

2

6

7

11

12

CATÁLOGO DE DISTOPÍAS NA  
FICCIÓN LITERARIA E  
CINEMATOGRAFICA PARA O  
DÍA DA TERRA

<http://bibliotecapoleiro.blogspot.com/2021/04/dia-da-terra-2021-finalizamos-o-noso.html>



DISTOPÍAS EN GALEGO  
EXPOSICIÓN E CATÁLOGO

<http://bibliotecapoleiro.blogspot.com/2021/05/as-nosas-distopias-en-exposicion.html>  
[poleiro.blogspot.com/2021/04/dia-da-terra-2021-finalizamos-o-noso.html](http://poleiro.blogspot.com/2021/04/dia-da-terra-2021-finalizamos-o-noso.html)



# A CREACIÓN ARTÍSTICA NO CURRÍCULO

## Música, literatura, artes plásticas.





# A

## DEBUXAMOS HISTORIAS DA PANDEMIA



### A ARTE DE QUEDAR NA CASA

Guía de traballo para baleirar cadros e reflectir o illamento.

<http://bibliotecapoleiro.blogspot.com/2020/05/a-arte-de-quedar-na-casa.html>

### NON QUEDA NINGUÉN

Unha tarefa feita no confinamento.

<http://bibliotecapoleiro.blogspot.com/2020/06/non-queda-ninguen.html>

### A ARTE DE QUEDAR NA CASA

UN TRABALLO BASEADO EN  
[david\\_bokeh](#)  
E NA HISTORIA DA PINTURA

### DEBUXAR NO CONFINAMENTO

é unha tarefa dificultosa. Estamos *sós*, fóra do ambiente da aula, con *profes* e compañeiros ao outro lado da pantalla. Precisamos actividades con referencias que nos guíen.



## ENTRAMOS NO CADRO

Á volta do confinamento somos nós os protagonistas.

<https://es.padlet.com/isidoragil/NONQUEDANINGUEN>



## AUTO(R) RETRATOS

Arte e identidade.

<https://padlet.com/isidoragil/AUTORETRATOS>





**B**

## ILUSTRAMOS HISTORIAS ALLEAS

Textos de escritores galegos que forman parte do Plan de Lectura de Galego: Cunqueiro, Ferrín, Ferreiro... ou de autores eternos.

### PERSONAXES DE PAPEL

<http://bibliotecapoleiro.blogspot.com/2021/06/personaxes-de-papel.html>

### QUIZ SOBRE A OBRA CUNQUEIRO

<http://bibliotecapoleiro.blogspot.com/2020/04/comizamos-semana-do-libro-ilustrando.html>  
<https://bibliotecapoleiro.blogspot.com/search?q=os+nosos+feirantes+e+tam%C3%A9n+os+de+Cunqueiro>

### AUTORES DA COMARCA: FERRÍN E CELSO EMILIO FERREIRO

<http://bibliotecapoleiro.blogspot.com/2021/06/ilustrando-aos-nosos-autores-ferrin-e.html>

**LOBOSANDAUS**



**C**

# ORIENTAMOS A QUEN ENSINA



Compartimos coñecementos a distancia. Todos os anos impartimos formación a compañeiros, neste caso telemática: traballamos para que o profesorado interesado adquira ferramentas e confianza para ilustrar textos nas súas clases.

## ILUSTRANDO CONTOS

MATERIAL INFORMATIVO

<http://bibliotecapoleiro.blogspot.com/2021/03/ilustrando-contos>.

### TÉCNICAS E MATERIAIS

Non somos profesionais, pero sempre podemos botar man de certos recursos: bolis, rotuladores, lapis de cores, ceras, collage, acuarelas ou acrílicos... e programas ou aplicacións de debuxo. Todo vale, incluso mesturado.




## O LIBRO DOS MORADORES

de Darío Xohan Cabana foi o texto elixido para as prácticas. Textos deliciosos dos que saíron ilustracións deliciosas.

Na terceira sesión de traballo contamos coa presenza telemática do autor. Unha grande honra.

<https://es.padlet.com/isidoragil/AULAILUSTRACION>



# D

## TITORIAIS E CATÁLOGOS



Compartimos o traballo fóra dos muros da aula.

### MIRAR UN CADRO

<http://bibliotecapoleiro.blogspot.com/2021/06/mirar-un-cadro.html>



### CATÁLOGO DE LIBROS ILUSTRADOS DA BIBLIOTECA ESCOLAR

<http://bibliotecapoleiro.blogspot.com/2021/06/ilustrar-o-mundo-novo-catalogo.html>

17284	<a href="#">Andersen, H.C.</a>	Cuentos completos I
17283	<a href="#">Andersen, H.C.</a>	Cuentos completos II
17285	<a href="#">Andersen, H.C.</a>	Cuentos completos III
17286	<a href="#">Andersen, H.C.</a>	Cuentos completos IV
19564	<a href="#">Andersen, H.C.</a>	Los mejores cuentos de <a href="#">Andersen</a> .






CADEIRA  
SILLA  
CHAIR  
SEDIA  
STUHL  
STOL  
TUOLI



**DÍA DA ARTE: ARTES APLICADAS**  
Material para un proxecto no que se analizan e deseñan para impresión 3D algunhas das cadeiras máis famosas do século XX.  
<https://wakelet.com/wake/VfV6cjFj2TLI7PKGI1t5e>

**GREGUERÍAS VISUAIS**  
Madoz e Carelman.  
Coñecer a linguaxe das formas para poder deformala.  
<http://bibliotecapoleiro.blogspot.com/2021/01/greguerias-visuais.html>





E

## ARREDOR DO MOSTEIRO

Para coñecer o patrimonio artístico e natural da contorna: a saúde do ben conservado e a pandemia do feísmo que arrasa Galicia. As saídas polo mosteiro, a vila e as aldeas de cada un foron as únicas actividades fóra da aula que tivemos.

<http://bibliotecapoleiro.blogspot.com/2021/04/hoxe-gran-estrea-da-etiqueta-o-noso.html>

<http://bibliotecapoleiro.blogspot.com/2021/03/feismo.html>

<https://padlet.com/isidoragil/MOSTEIRO>






**F**

## OS OBXECTOS NA CASA E NA ARTE

Do cubismo ao pop-art,  
unha mirada ao noso  
mundo máis doméstico, o  
escenario do  
confinamento.

<https://padlet.com/isidoragi/DA1OBXECTOS>



## VÍDEO PARA O DÍA DAS ARTES GALEGAS

Homenaxe a Domingo de Andrade coas escaleiras do noso  
centro

<http://bibliotecapoleiro.blogspot.com/2020/04/hoxe-e-o-dia-das-artes-galegas.html>

G



## A TENDA DA ESQUINA

TPP no marco do programa “Mens Sana” dende a ollada da arte e a publicidade.

<http://bibliotecapoleiro.blogspot.com/2020/03/traballos-en-curso-moi-sabrosos.html>

<https://es.padlet.com/isidoragil/4a0als5u4lqy>

## PUBLIGUALDADE

Campaña de sensibilización (18/19 e 19/20) aplicada en titorías, horas de lectura e materias, que aborda dous nichos de desigualdade: consumo e xénero.

<https://comprameaigualdade.blogspot.com/>



**H**

# CONTAMOS HISTORIAS CON MÚSICA



## OBRADOIRO DE COMPOSICIÓN DIXITAL ONLINE

O alumnado de *Linguaxe e práctica musical* de 1º BAC elaborou sonorizacións para vídeos do centro, que se divulgaron creando un canal SoundCloud.

<https://padlet.com/poleiromusic/componhemosmusicanacasa>

<https://soundcloud.com/musica-celanova>

## HOMENAXE A “NEGRA SOMBRA”: MUSICALIZACIÓNS ALTERNATIVAS

Un dos exercicios do obradoiro foi reinterpretar Negra Sombra, mantendo a harmonía e deseñando unha nova melodía con acompañamento propio. Partilláronse as composicións en <https://soundcloud.com/user-569931077/sets/homenaxe-a-negra-sombra> e unha sonorizou a montaxe das Letras confinadas:

<http://bibliotecapoleiro.blogspot.com/2020/05/feliz-dia-das-letras-celebrando.html>

## VÍDEO PROMOCIONAL DA BIBLIOTECA PARA CCB CON MÚSICA INCIDENTAL PROPIA


<https://soundcloud.com/musica-celanova/sets/musica-incidental-1>  
<http://bibliotecapoleiro.blogspot.com/2020/04/o-consejo-de-cooperacion-bibliotecaria.html>



## MASTERCLASS DE PROXIMIDADE: DAVID RUSSELL NO MOSTEIRO

O guitarrista David Russell tras visitarnos, cedeunos un vídeo con explicacións en inglés que incluía as súas interpretacións en directo.

<http://bibliotecapoleiro.blogspot.com/2021/07/david-russell-e-sua-guitarra-levan.html>







# CONTAMOS HISTORIAS EN VERSO



## POESÍA CON NOME PROPIO / POESÍA EN NOME PROPIO

<https://bibliotecapoleiro.blogspot.com/search?q=NOME+PROPIO>

## RECITAL INFORMAL NO DÍA DE ROSALÍA

<http://bibliotecapoleiro.blogspot.com/2021/02/recital-informal-do-dia-de-rosalia.html>

### CON NOME PROPIO



¿Quién me dijera, **Elisa**, vida mía,  
cuando en aqueste valle al fresco viento  
andábamos cogiendo tiernas flores,  
que había de ver con largo apartamiento  
venir el triste y solitario día  
que diese amargo fin a mis amores?  
El cielo en mis dolores  
cargó la mano tanto,  
que a sempiterno llanto  
y a triste soledad me ha condenado;  
y lo que siento más es verme atado  
a la pesada vida y enojosa,  
solo, desamparado,  
ciego, sin lumbre, en cárcel tenebrosa.

Garcilaso de la Vega, Égloga 1  
Fotograma de Elisa, Vida mía, de Carlos Saura,  
con Geraldine Chaplin

venres, 26 de febreiro de 2021

Recital informal do Día de Rosalía

O prometido é débeda: aquí vos deixamos o noso Recital Informal: porque calquera momento ou lugar son bos para ler, recitar e gozar da nosa Rosalía... Si, con mascarilla tamén. E con barullo de fondo. Que aproveite!







# OUTRAS FERRAMENTAS CREATIVAS DE APROXIMACIÓN AO CURRÍCULO

## DIVULGANDO ARTE

O ALUMNADO DE HISTORIA DA  
DA ARTE DE 2º DE  
BACHARELATO  
**CONVÍDATE**  
A ASISTIR ÁS SÚAS  
EXPOSICIÓNS DE TRABALLOS

**AQUÍ:** <https://meet.jit.si/DIVULGANDOARTE>

**MARTES 13**  
**DALÍ**

AITANA



## DIVULGANDO ARTE

O ALUMNADO DE HISTORIA DA  
DA ARTE DE 2º DE  
BACHARELATO  
**CONVÍDATE**  
A ASISTIR ÁS SÚAS  
EXPOSICIÓNS DE TRABALLOS

**AQUÍ:** <https://meet.jit.si/DIVULGANDOARTE>

**XOVES 29**  
**MIGUEL ANXO**

AINHOA



## DIVULGANDO ARTE

O ALUMNADO DE HISTORIA DA  
DA ARTE DE 2º DE  
BACHARELATO  
**CONVÍDATE**  
A ASISTIR ÁS SÚAS  
EXPOSICIÓNS DE TRABALLOS

**AQUÍ:** <https://meet.jit.si/DIVULGANDOARTE>

**MARTES 27**  
**GOYA**

AINHOA



A



## DE HISTORIA

### O MEDALLÓN DO MAMELUCO

Un relato de ficción histórica que rematou coa edición dun libro.

<http://bibliotecapoleiro.blogspot.com/2021/06/tachan-tachan-aperitivo-ilustrado-do.html>

<http://bibliotecapoleiro.blogspot.com/2021/06/unha-produccion-propia-para-que-vos.html>




# B

## DE LITERATURA CASTELÁ



### QUIJOTE 2.1

<http://bibliotecapoleiro.blogspot.com/search/label/Quijote%202.1>



### MUJERES Y LITERATURA

Material documental e traballos de 2º ESO

<http://bibliotecapoleiro.blogspot.com/2021/05/montaxe-final-mulleres-e-literatura-8.html>

Montaxe final: Mulleres e literatura, 8 de Marzo

Hoxe achegámosvos un vídeo no que resumimos o traballo que o Departamento de Lingua Castelá elaborou para o día 8 de Marzo, porque, si, xa sabedes que para nós calquera día é o Día da Muller.

Agardamos que vos guste! Noraboa a profesorado e alumnado polo esforzo e o resultado!



8 DE MARZO LITERATURA CASTELÁ

LAS MUJERES Y  
LA LITERATURA:  
8 DE MARZO  
2021

Copiar enla...

Botón de reproducción (k)

0:06 / 3:47

YouTube



# DE HISTORIA E LITERATURA GALEGAS



## DÍA DO HOLOCAUSTO

Distopías que chegaron a materializarse.

<http://bibliotecapoleiro.blogspot.com/2021/01/hoxe-e-dia-do-holocausto-e-prensa.html>


Mergullarse nas historias da comarca para entender a guerra mundial e o Holocausto

Alumnos de Celanova descubriron que en Mauthausen estiveron 8 veciños da zona

27 enero, 2021



Nestes tempos pandémicos, a arte está a aportar moitos alicientes á nosa vida, por iso nos gusta reinterpretar, crear, inventar, interpretar... Neste primeiro día de curso, achegámosvos uns textos da Materia de Bretaña, que tanto nos gusta e que traballamos fai uns anos no proxecto **Medievalizate**, gravados nas voces do alumnado de 1º de Bacharelato. Que vos preste!



## ESPADAS E FEITIZOS

O mundo artúrico como utopía. Un traballo de comunicación arredor dos personaxes da Materia de Bretaña dende unha perspectiva lúdica y creativa.

<http://bibliotecapoleiro.blogspot.com/search/label/Medieval%C3%ADzate>



## VÍDEO- HOMENAXE A CARVALHO CALERO

Autor homenaxeado nas  
Letras 2020



<http://bibliotecapoleiro.blogspot.com/2020/05/feliz-dia-das-letras-celebrando.html>

## XELA ARIAS: RECOMPILATORIO


Autora homenaxeada nas  
Letras 2021

<http://bibliotecapoleiro.blogspot.com/2021/05/xela-arias-o-poema-infinito.html>



 Día Das Letras Galegas 2020  Copiar enla...

MARIA SILÊNCIO, SEMPRE DURA E MUDA...  
¿CÁL É A BARCA QUE AGARDAS?

MÁS VÍDEOS 



## DESENTRAÑANDO VERSOS

Lectura e interpretación de textos poéticos en galego para inocular o virus da poesía en terceiro e cuarto da ESO, para que gocen da sensualidade da palabra rimada...(segue no blog)

<http://bibliotecapoleiro.blogspot.com/2020/06/desentranando-versos.html>



# D

## CERTAMES: INVENCIÓN DE HISTORIAS



### CERTAME DE RELATO BREVE 2021

<http://bibliotecapoleiro.blogspot.com/2021/06/relato-ganador-do-xxxiii-certame-de.html>

<http://bibliotecapoleiro.blogspot.com/2021/05/xxxiii-certame-de-relato-breve-celso.html>

### CERTAME DE RELATO BREVE 2020

<http://bibliotecapoleiro.blogspot.com/2020/05/certame-de-relato-breve-celso-emilio.html>

<http://bibliotecapoleiro.blogspot.com/2020/06/xatemos-ganadora-do-xxxii-certame-de-relato-breve-celso-emilio-ferreiro.html>

XXXII CERTAME DE RELATO BREVE  
CELSO EMILIO FERREIRO



**XXXIII CERTAME DE RELATO DE BREVE**

**CELSO EMILIO FERREIRO**


**PARTICIPANTES**  
Todo o alumnado do centro que así o desexe e presente obras inéditas en lingua galega conforme aos seguintes requisitos:  
**TEXTOS**  
Segundo a inspiración da campaña de dinamización da Biblioteca, "Un mundo feliz?", os relatos a concurso serán distopías. A extensión máxima será de tres folios.  
**PRAZOS E MODO DE PRESENTACIÓN**  
O envío realizarase por correo electrónico ao enderezo [bibliotecapoleiro@gmail.com](mailto:bibliotecapoleiro@gmail.com) achegando dous arquivos en PDF. O primeiro conterá o traballo, asinado cun pseudónimo, e o segundo -que se identificará co mesmo pseudónimo- os datos persoais: nome, idade, enderezo electrónico, teléfono e curso. A data límite será o día 22 de maio de 2021.  
**PREMIOS**  
Concederase un premio de CEN euros, diploma acreditativo e publicación do traballo nos diferentes medios escritos e electrónicos do IES Celanova CEF. Correspóndelle ao XURADO, que estará formado por membros da comunidade escolar, a interpretación destas bases.

# E

## HORA DE LECTURA

A Hora de ler –unha utopía feita realidade- precisa dun compromiso especial por parte de todo o profesorado, que ten un centro de recursos á súa disposición:

<https://padlet.com/bibliotecapoleiro/horadeler>



Biblioteca IES Celanova + 4 - 6h

### HORA DE LER!

Suxestións e recursos para a hora de lectura no IES Celanova CEF

SUXESTIÓNS DA BIBLIOTECA	MARCO LEGAL	HORARIO	COMO ELIXIR	RECURSOS DE FABRICACIÓN OU ESCOLMA PROPIA
SUXESTIÓNS, DENDE A BIBLIO, PARA A HORA DE LER. Recursos, ideas e máis.	A LEI DI QUE TEMOS QUE LER	FEBREIRO CON HARRY POTTER	QUE LER, QUE OFRECER	CATÁLOGO DO LIBRO ILUSTRADO

F



## CLUB DE LECTURA

Os materiais e recomendacións da *campaña Mundo Feliz?* conforman o núcleo de lectura do Club, que ademais recolle a luva dos coidados coa súa participación no proxecto *Basket x Libros* que, á súa vez, forma parte de programa MENS SANA e ten lugar en colaboración co centro de primaria da vila.

<http://menssanaiescelanova.blogspot.com/>

<http://bibliotecapoleiro.blogspot.com/2021/06/pd-podcasts-do-club-de-lectura.html>





# G


## LECTURA FÁCIL

Outra forma de coidar a quen o precisa é proporcionarlle materiais adecuados para unha formación individualizada. O selo “Lectura fácil” entra na nosa biblio.



<http://bibliotecapoleiro.blogspot.com/2021/05/lectura-facil-o-noso-novo-catalogo.html>



1



2





## OS BENEFICIOS VEÑEN SÓS:


- Na adversidade dispárase a creatividade.
- Xeramos material de utilidade para DIFERENTES ENTORNOS.
- Sensibilizamos á comunidade educativa sobre temas de primeira liña de actualidade.
- Fuximos dos saberes en compartimentos estanco.
- Propoñemos actividades funcionais e significativas.

# ...E TRAEN BOS RESULTADOS



venres, 22 de xaneiro de 2021

Finalistas do I Premio Galego de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global



## Siete centros ourensanos lograron una nota media de notable en la selectividad

Todos los alumnos que se presentaron de nueve centros educativos de la provincia lograron superar la ABAU

**RUBÉN NÓVOA**  
OURENSE / LA VOZ

Los alumnos ourensanos tuvieron que enfrentarse a unas pruebas de selectividad que estuvieron muy marcadas por la pande-

TABLA	
LOS 20 MEJORES	
Centro	Nota media
Santa María Maristas	7,528
IES Celanova	7,152
IES nº 1 de O Carballiño	7,121

de conocerse las notas, hubo un total de nueve centros de la provincia que alcanzaron un pleno y lograron que todos sus alumnos aprobasen la selectividad. En este caso, para poner en valor esta variable es fundamental.

Los nombres de estos jóvenes extraordinarios son, según las notas obtenidas: **Pedro Vidal Villalba** (29,5 puntos sobre un total de 30), Ibai Otero Gómez (29,2), Manuel Alonso Cousido (28,5), Marcos Ruibal Ortigueira (28); con 27,9 puntos están Martín Diz Lindahl, Paula Domínguez Barreiro, Julia García Couce y Luis García Romarís; con 27,7 se encuentran **Sofía Novo Sánchez** y Carlos Rodríguez Rivas; con 27,4 están Santiago González Gómez y Gonzalo Mantifián Suárez; con 27,3, Lucía Amarolo Ginzo, Lidia García Veiga y Juan Pedro Saborido Tobar; con 27,2, Santiago García Rivas y Andrea Recarey Fernández. Hay **cuádruple empate en 27,1 puntos**: Inés Alba Vázquez, Felipe Álvarez Rodríguez, Claudia Fernández Campo y Adrián Vázquez Velasco. En este caso

## EQUIPO DE BIBLIOTECA

que diseña os plans anuais de actuación, xestiona fondos e recursos didácticos, realiza campañas de animación á lectura, coordina os proxectos lectores, elabora materiais e diseña os contidos da Hora de lectura e os plans de formación de usuarios.

## DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS

que participan dando concreción á formación cultural e artística nos seus currículos ao decidir o tratamento que lle dan en cada materia, o uso de metodoloxías de aprendizaxe atractivas e os itinerarios lectores e informativos que propoñen ao seu alumnado.



# 2

## CAMIÑO A SER UN CENTRO DE LECTURA, INFORMACIÓN E APRENDIZAXE

A PRIMEIRA VÍA SON AS FORMAS DE TRABALLO, as que lle contamos ao MEC e vos acabamos de resumir. NON OCUPAN LUGAR FÍSICO

Ocúpano, e moito, a colección medrante, a necesidade de mostrar os materiais producidos e a propia maneira de producilos.

A SEGUNDA VÍA SON OS ESPAZOS ONDE ESE TRABALLO SE LEVA A CABO

Así que vos presentamos o plan de ampliación física: levamos uns cursos invadindo corredores, currunchos e taboleiros, aulas adxacentes ou desocupadas... Pouco a pouco, mercando mobles e equipos pero tamén reciclando e reaproveitando...

# A BIBLIOTECA MEDRA



## SALA DE LECTURA

Neste fermoso espazo falta sitio de almacenaxe. Por iso a maior necesidade é, polo momento, saír e ocupar outros, como describiremos máis adiante. Pero na propia sala temos que instalar dúas escaleiras móbiles que percorran os laterais e faciliten o acceso aos andeis máis elevados.



## SALA DE LECTURA

Xa instalamos andeis novos para os cómics e os dicionarios, así como mesas de exposición para as novidades e os fondos das campañas.





## ESPAZO 1

Ten acceso directo dende a sala de lectura polo oeste, e na actualidade é o vestíbulo que dá paso aos departamentos de Economía e Administración, que, en breve, mudarán de lugar. A idea é reaproveitalo como espazo para xogos de mesa e actividades pouco silenciosas durante os recreos. Mercaremos mesas e cadeiras, adaptaremos os estantes de obra e melloraremos a iluminación.



## ESPAZO 2

Ou REBOTICA. Con acceso directo polo leste, funciona como despacho de bibliotecarias e agora como almacén para os fondos 82E-G e 82E-C, de uso pouco frecuente polo alumnado. Xa mercamos mobles e trasladamos fondos; falta baixar o teito para mellorar o rendemento da calefacción (xa case todo o centro está así) e arranxar portas.





## CORREDORES

Xa comezamos a enchelar de moblaxe para acoller as enciclopedias máis modernas (posto que hai un espazo especial para os fondos de certa antigüidade). Continuaremos coa instalación de novos paneis de exposición, que tamén percorreren os outros tres lados do claustro.







## ESPAZO 3

Antiga aula de informática e, dende o curso pasado, almacén da biblio. Será o espazo que máis cambie. Na actualidade está dividido por vellos armarios para poder usarse á vez como aula COVID, pero a proposta consiste en reconvertelo nun espazo único que, en parte, terá dúas alturas.





Converterase nunha sala de traballo de grupo e actividades creativas que comparta espazo coa hemeroteca e o almacén de fondos de menor consulta, estes últimos no novo segundo andar.

Necesitamos asesoramento profesional para deseñar e construír un triforio apoiado nos antigos muros, con acceso cómodo e que deixe a planta libre para espazo de traballo, ao tempo que permita ver todo o arco gótico que nos separa do claustro vello. Pintura, iluminación e moblaxe completarán a transformación.



ESPAZO  
3

## PATIO

Na medida en que o Concello o permita e colabore, pretendemos transformar este patio interior que compartimos, de acústica fabulosa, nun espazo de ensaio e representación para música e espectáculos. Instalaríamos unhas bancadas e un pequeno escenario, pero necesitamos obras de acondicionamento previas.






## ESPAZO EXTERIOR

Adquisición dunha carpa para actividades que teñan lugar ao aire libre: campañas, concertos, peticións ou conmemoracións...




## AULA VERDE

Dispoñemos dun espazo destinado á creación audiovisual, ben equipado, para o que imos adquirindo material de calidade e complementos tecnolóxicos.





## FONDO ANTIGO



Iremos completando este espacio con máis estantes para os libros anteriores a 1970 e con moblaxe para consulta. Xa esta pintado e acondicionado.

ESQUECÉMONOS DE ALGO?



Bibliotecas  
escolares  
de Galicia



IES CELANOVA  
CELSO EMILIO FERREIRO  
BIBLIOTECA

